

GUÍA SOBRE FESTIVAIS E SUSTEN- TABILIDADE

A Axenda 2030 e os impactos
positivos dos eventos

GUÍA SOBRE FESTIVAIS E SUSTENTABILIDADE

A Axenda 2030 e os impactos
positivos dos eventos



A CULTURA É UN DEUREITO

Autoría: María Baqueiro e Arancha Estévez

Maio de 2022

Deseño e corrección lingüística: Catro Ventos Editora

Depósito legal:

Imprenta Provincial A Coruña, 2022

Edita: Deputación da Coruña



CONTIDOS

PRÓLOGO	6
1. DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DE SUSTENTABILIDADE	10
2. A AXENDA 2030	16
2.1 A Axenda 2030 e a Deputación da Coruña	22
2.2 A Axenda 2030 e os festivais	25
3. ACCIÓNS SUSTENTABLES: 65 PROPOSTAS DE MELLORA	30
3.1 Ámbito social	34
3.2 Ámbito medioambiental.....	42
3.3 Ámbito económico.....	51
4. BOAS PRÁCTICAS	54
4.1 No ámbito social	56
4.2 No ámbito medioambiental	57
4.3 No ámbito económico	59
5. PLAN DE SUSTENTABILIDADE	62
5.1 Pasos para elaborar o plan.....	63
5.2 Comunicar as nosas accións	67
6. PARA SABER MÁIS	72

PRÓ-

LO-

GO

Tes nas túas mans unha guía de apoio para que o deseño e produción de eventos e festivais integre a sustentabilidade como eixo, e a Axenda 2030, aprobada pola ONU en 2015, como instrumento co que xestionar e medir os nosos impactos —os positivos e os negativos— nos ámbitos medioambiental, social e económico. Desde a área de Cultura da Deputación da Coruña enténdese que o apoio ao sector cultural ten que articularse cada vez de maneira máis manifesta co compromiso da acción cultural coa comunidade na que se desenvolve. Pola nosa responsabilidade como institución cofinanciadora de numerosos festivais de música, artes escénicas ou audiovisual, entendemos a nosa obriga neste proceso sen volta atrás.

A acción cultural, tan conectada co desenvolvemento social e individual, e cunha enorme capacidade de transformación territorial (véxase, por exemplo, a súa vinculación con políticas e estratexias de turismo), non é allea á urxencia do momento. Nesa dirección, a Deputación da Coruña someteu en 2022 as súas liñas de subvencións a festivais a unha revisión que incorpora de maneira máis clara e directa criterios de sustentabilidade para a súa concesión. En concre-

to, en 2022, a área de Cultura da Deputación da Coruña introduciu cambios relevantes nas liñas FO221 (dirixida a concellos e entidades locais) e FO223 (dirixida a entidades sen ánimo de lucro) adquirindo o compromiso de acompañar todas as entidades e concellos solicitantes na consecución e cumprimento de novos obxectivos.

Dentro do traballo desenvolvido pola área de Cultura da Deputación, o programa «A cultura é un dereito» naceu como un dispositivo de apoio á creación, ao debate, á participación e á profesionalización no sector cultural entendido en todas as súas formas diversas, porque a cultura é un dereito irrenunciable e, diría máis, unha necesidade para todas e todos. Neste programa enmárcase este manual cuxo obxectivo é ser de utilidade para todas aquelas persoas e entidades que participades na produción (na súa máis ampla acepción) de eventos culturais.

Apoiar os festivais significa, para nós, apostar pola difusión e a creación cultural a través do que son verdadeiras plataformas de promoción das propostas existentes e tamén de creación de emprego e riqueza no sector. Este apoio á actividade cultural é un dos obxectivos das dúas liñas de subvencións FO221 e FO223 que suman 1,1 millóns de euros en 2022 e que, canda a Rede Cultural da Deputación da Coruña, significan unha aposta pola contratación e a mellora da situación laboral e económica do sector profesional da cultura, tan afectado pola pandemia. Nas últimas edicións, foron ao redor de sesenta os festivais que se beneficiaron deste cofinanciamento.

Nos últimos tempos, desde a área de Cultura estreitamos o contacto coas persoas e entidades responsables de festivais debido á situación xerada polo contexto de pandemia, non só para garantir a continuidade do apoio no cofinanciamento, senón para analizar



conxuntamente como podemos combater a precariedade, estabilizar o emprego cultural ou afianzar eventos sustentables nos aspectos sociais, económicos e medioambientais. Con esta guía queremos seguir acompañando o sector neste proceso. Se o último Obxectivo de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, o número dezasete referido ás alianzas, é o máis importante, desde a área de Cultura da Deputación da Coruña queremos ser cómplices, con vós, do cambio necesario.

Xurxo Couto Rodríguez

Deputado de Cultura
Deputación da Coruña





1. DE QUE FALAMOS CANDO FALAMOS DE SUSTENTA- BILIDADE



HAI XA TRINTA E CINCO ANOS QUE A COMISIÓN MUNDIAL PARA O MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO DA ORGANIZACIÓN DAS NAÇÕES UNIDAS (ONU) DEFINIU A SUSTENTABILIDADE COMO «O DESENVOLVEMENTO QUE SATISFAI AS NECESIDADES ACTUAIS SEN COMPROMETER A CAPACIDADE DAS FUTURAS XERACIÓNS PARA CUBRIR AS SÚAS PROPIAS NECESIDADES» (INFORME *O NOSO FUTURO*, 1987), UNHA DEFINICIÓN QUE PROCURABA O EQUILIBRIO ENTRE O CRECEMENTO ECONÓMICO, O COIDADADO DO MEDIO AMBIENTE E O BENESTAR SOCIAL.



Figura 1. Desenvolvemento económico vs desenvolvemento sostible

Como podemos ver graficamente, o desenvolvemento global baseouse durante décadas no crecemento económico con consecuencias gravísimas en todo o planeta en canto a desigualdade social e destrución do medio natural. Non podemos obviar que durante os anos setenta e oitenta do pasado século, o Premio Nobel de Economía e asesor de cabeceira de potencias mundiais como os Estados Unidos e o Reino Unido, Milton Friedman, consideraba que a única responsabilidade social dunha empresa era obter beneficios monetarios para os seus accionistas. Haberá que agardar a ben avanzados os oitenta para que afloren outras cuestións e preocupacións ao redor da acción de gobernos e corporacións, espe-



cialmente as relativas ao medio ambiente e á pobreza mundial. A necesidade dun equilibrio entre as dimensións económica, social e medioambiental débúxase como o único camiño posible, cunha visión holística na que todo está interconectado e coas persoas no centro.

Na actualidade, a sustentabilidade é xa unha hipernorma, é dicir, un código ético asumido de maneira global, co apoio de administracións, empresas, organizacións sociais, entidades e outros axentes sociais. Ademais, conta cun plan de acción mundial desde setembro de 2015 coa aprobación da Axenda 2030 e os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), e que abordaremos nos seguintes apartados. En calquera caso, non se cuestiona o que hai que facer para garantir o desenvolvemento sustentable, senón como se traduce ese principio ético global na toma de decisións e responsabilidades para construír un futuro inclusivo e resiliente para as persoas e o planeta.

Se o paradigma de sustentabilidade establecido nos anos oitenta e certificado no Cumio da Terra, celebrado en Rio de Janeiro en 1992, se afianzou sobre tres piares (medioambiental, social e económico), nos últimos vinte anos manifestouse en foros como a Unesco ou o Cumio Mundial do Desenvolvemento Sustentable (Johannesburgo, 2002) a necesidade de incorporar unha nova dimensión: a cultura. Esta perspectiva, defendida por numerosas investigacións recentes, entende que a creatividade, o coñecemento e a diversidade son, ademais de recursos inesgotables, fundamentais para a liberdade e o desenvolvemento humano.

A acción cultural, como fonte de valores, cohesión social, autoestima e participación social, ten, polo tanto, poder para acometer



o cambio transformador que requiren o mundo e o tempo que habitamos. O grande avance da Axenda 2030, que abordamos en detalle no seguinte apartado, é ofrecer unha visión integradora e holística do noso planeta, sen compartimentar os coñecementos e cunha formulación de traballo transdisciplinario. A cultura constrúe as nosas formas de vivir, os valores, as crenzas, a expresividade e a creatividade. Por esa razón, quizais máis que referirnos ao cuarto pilar do desenvolvemento sustentable, deberíamos falar da cultura, continuando con vocabulario arquitectónico, como a viga mestra.





2. A AXEN- DA 2030



EN SETEMBRO DE 2015, A ASEMBLEA XERAL DA ONU ADOPTA A AXENDA 2030 PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE, UN PLAN DE ACCIÓN A FAVOR DAS PERSOAS, O PLANETA E A PROSPERIDADE, APROBADA POR 193 PAÍSES E NA QUE SE RECOÑECE QUE O MAIOR DESAFÍO GLOBAL É A ERRADICACIÓN DA POBREZA E QUE, SEN LOGRALO, NON PODE HABER DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE. A AXENDA VAI REXER OS PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO MUNDIAIS DURANTE OS PRÓXIMOS ANOS E, COA SÚA ADOPCIÓN, OS ESTADOS COMPROMÉTENSE Á SÚA IMPLANTACIÓN MEDIANTE ALIANZAS CENTRADAS ESPECIALMENTE NAS PERSOAS MÁIS POBRES E VULNERABLES. A AXENDA 2030 ESTABLECE 17 OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE (ODS) CON 169 METAS EN TOTAL:

1. Fin da pobreza
2. Fome cero
3. Saúde e benestar
4. Educación de calidade
5. Igualdade de xénero
6. Auga limpa e saneamento
7. Enerxía accesible e non-contaminante
8. Traballo decente e crecemento económico
9. Industria, innovación e infraestrutura
10. Redución das desigualdades
11. Cidades e comunidades sustentables
12. Produción e consumo responsables
13. Acción polo clima
14. Vida submarina
15. Vida de ecosistemas terrestres
16. Paz, xustiza e institucións sólidas
17. Alianzas para acadar os obxectivos

Os ODS establecen interdependencia entre países e entre os propios obxectivos: uns dependen doutros; por esa razón son imprescindibles a prevención, a eficiencia e o compromiso de todas as partes.

Como se chega a esta axenda global? Se botamos unha ollada atrás facendo unha pequena viaxe histórica desde a segunda metade do século vinte, podemos entender mellor a evolución das políticas mundiais de desenvolvemento. Nos anos posteriores á II Guerra Mundial, hai un aforismo do presidente estadounidense John F. Kennedy, lanzado en 1963, que describe o concepto de desenvolve-



OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE



Figura 2. Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

mento: «A rising tide lifts all boats» (Cando sobe a marea, todos os barcos flotan), ou o que é o mesmo: as políticas macroeconómicas e o crecemento do PIB nos diferentes Estados son bos para todas as persoas. Nas décadas posteriores, esta visión xustificaría as políticas de recortes sociais e a defensa da desregulación do mercado. Nos anos setenta e oitenta aflora unha nova tese, defendida polo economista indio, estudoso da pobreza e Premio Nobel en 1998 Amartya Sen, que defende que, máis alá dos indicadores económicos, o desenvolvemento é humano e imprescindible para a liberdade. Denominarase *teoría do desenvolvemento humano*.

Chegamos ao ano 2000 coa Declaración do Milenio da ONU, que estableceu oito Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM):



pobreza, educación, igualdade, redución da mortalidade de menores de cinco anos, mellora da saúde materna, combater a sida, a malaria e outras enfermidades, garantir a sustentabilidade do medio ambiente e fomentar unha alianza mundial do desenvolvemento. Esta axenda estaba centrada na erradicación da pobreza e conectada ao PNUD (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento). Tivo luces, como o consenso internacional, o establecemento de indicadores de medición e procesos de seguimento, e a implicación da sociedade civil, mais tamén tivo sombras: a falta de participación de moitos países de renda media, a focalización na pobreza económica e a non-inclusión de puntos esenciais para o desenvolvemento.

Finalmente, no ano 2015, promúlgase a Axenda 2030. Diferentes cumios e foros de alto nivel prepararon o camiño para a súa aprobación en setembro de 2015. Os seus principios inspiradores? Unha axenda coa participación de gobernos e sociedade civil, na que a erradicación da pobreza sexa un fin, pero cunha orientación xeral ao desenvolvemento sustentable, coa integración dos ámbitos económico, social e medioambiental, e con vocación universal, unha axenda para todos os Estados, co lema «sen deixar a ninguén atrás» e na que os 17 ODS deben funcionar como vasos comunicantes.

A acción cultural é un factor imprescindible de desenvolvemento para a comunidade polo seu carácter altamente transformador, creativo e innovador, pola súa contribución ao desenvolvemento das persoas e dos territorios, e pola súa apropiación e apoio respecto da Axenda 2030. Como parte activa da cultura, as entidades, empresas, artistas, axentes culturais e públicos están chamados a ter un papel central neste proceso. Os eventos culturais débúxanse



como espazos privilexiados para a convivencia, a innovación social, a reflexión e os debates, así como para o exercicio colectivo da responsabilidade. Son ferramentas —máis se cabe nun contexto de pandemia e crise económica— con capacidade para transformar territorios, crear redes, promover talentos, experimentar procesos de innovación, impulsar a concienciación e contribuír ao benestar comunitario. Afondar nos impactos da acción cultural axudaranos a entender a súa contribución á transformación da contorna, do planeta, e a entender a necesidade de que calquera plan de desenvolvemento debe ter un enfoque cultural.

A través da acción cultural contribuímos á visión holística do desenvolvemento sustentable e contribuímos á Axenda 2030; impulsamos a transformación de valores e estilos de vida, a cohesión social e o respecto á diversidade. A cultura é unha ferramenta para loitar contra a exclusión e a desigualdade, pero tamén para deseñar os espazos nos que queremos vivir, sexan estes urbanos ou rurais, e, por suposto, para unha cidadanía con maiores coñecementos, habilidades e masa crítica. Isto é así porque o desenvolvemento sustentable trae da man a innovación social, ou o que é o mesmo, novas ideas que non só derivan en produtos e servizos, senón que transforman os procesos e métodos de traballo, satisfán necesidades sociais de maneira eficiente e crean alianzas e colaboracións novas e duradeiras.



2.1 A Axenda 2030 e a Deputación da Coruña

As administracións deben fomentar un modelo de desenvolvemento que garanta o acceso universal á cultura e ás súas manifestacións, así como a defensa e mellora dos dereitos da cidadanía á liberdade de expresión e o acceso á información e aos recursos. O alcance da Axenda 2030 require da transversalidade de políticas e estratexias, así como das alianzas público-privadas para a consecución de obxectivos. A responsabilidade das diferentes administracións públicas tradúcese no impulso de marcos normativos para a implantación desta axenda, na mobilización de recursos e na posta en marcha de liñas de acción que impliquen a cidadanía no seu conxunto.

En 2018, tras constituír un ano antes o Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 (GAN), o Estado español presentou o seu plan de acción ante a ONU polo que se aprobaba unha proposición non de lei a finais dese ano e se promovía o Alto Comisionado para a Axenda 2030. A administración autonómica galega creou en 2019, a través do Decreto 142/2019, de 31 de outubro, a Comisión Interdeparta-

mental para o Seguimento da Axenda 2030 en Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Así mesmo, a Deputación da Coruña, no seu Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, estableceu que na planificación da actuación de fomento provincial tamén deben estar presentes os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) incorporados á Axenda 2030. O programa de accións «A cultura é un dereito», promovido desde a Deputación da Coruña, subliña a necesidade de garantir o acceso e participación de toda a cidadanía na vida cultural, con especial apoio para o tecido asociativo e de base. Desde a área de Cultura da Deputación enténdese que o apoio ao sector cultural ten que articularse cada vez de maneira máis manifesta ao redor dos impactos positivos e do compromiso da acción cultural coa comunidade na que se desenvolve. As liñas de subvencións nesta área deben incorporar de maneira progresiva nos seus criterios de valoración os novos retos e esixencias vinculados aos intereses colectivos e ao enfoque do desenvolvemento sustentable, sen esquecer que isto implica formación, ferramentas e recursos. En 2022, desde á área de Cultura empréndese un traballo de revisión das liñas de cofinanciamento dos festivais de música, audiovisual e artes escénicas promovidos por concellos e entidades locais, así como por entidades sen ánimo de lucro (FO221 e FO223, respectivamente). Cun inequívoco aliñamento coa Axenda 2030, a Deputación da Coruña establece algúns cambios de calado. O plan de sustentabilidade dos eventos pasa de ser un elemento para valorar a ser un requisito para acceder ao cofinanciamento. Este plan de sustentabilidade, como ferramenta de cada un dos festivais, propón algunhas das medidas que deben integrarse



no deseño do evento en cada un dos tres ámbitos do desenvolvemento sustentable:

- No ámbito social, medidas en favor da igualdade de xénero, da inclusión e da accesibilidade, emprego dunha comunicación inclusiva, non-discriminatoria e comprometida coa normalización social da lingua galega.
- En relación co medio ambiente, medidas para reducir o volume de residuos xerados e a enerxía consumida, así como para garantir o acceso gratuíto á auga potable.
- No ámbito económico, a colaboración con entidades e artistas locais, e a medición de indicadores económicos, de igualdade de xénero e de consumo enerxético.

Esta guía quere ser un recurso útil para acompañar as entidades promotoras dos festivais na mellora e consecución dos obxectivos mencionados.

No horizonte máis próximo semella unha tarefa ineludible á hora de deseñar os eventos culturais garantir a igualdade de xénero e o apoio á contorna local, obter un diagnóstico que permita identificar os grupos de interese, así como as barreiras que impiden a accesibilidade universal dos eventos ou a posta en marcha de procesos de xestión medioambiental. As políticas de fomento da área de Cultura da Deputación, como entidade cofinanciadora dos festivais, non deben cingirse só a unha función de esixencia, senón tamén de diálogo, acompañamento e colaboración no proceso de consecución de eventos que sexan referentes no exercicio da responsabilidade co planeta, coa contorna e cos seus públicos.



2.2 A Axenda 2030 e os festivais

Non descubrimos nada novo ao asegurar que os festivais en Galicia, con especial protagonismo daqueles centrados na oferta musical, se converteron nos últimos anos nun dos motores principais do sector cultural do país pola súa capacidade para concentrar públicos e pola súa potencialidade na estratexia turística do país. Tampouco desvelamos un segredo ao afirmar que os festivais de música, audiovisual e artes escénicas foron, pola súa natureza e arquitectura, grandes prexudicados no primeiro ano da pandemia provocada pola covid-19, feito que corroboran informes como os emitidos polo Observatorio do Consello da Cultura Galega. A crise sanitaria reforzou, aínda máis se cabe, a necesidade de reformular que tipo de eventos queremos e como podemos, a través deles, impactar de maneira positiva na nosa contorna e no planeta.

En que punto estamos? Non se parte de cero, hai camiño percorrido. Os festivais en Galicia, xa sexa de forma premeditada e consciente ou por evolución natural, maniféstanse comprometidos co desenvolvemento sustentable. A través de distintas iniciativas veñen incorporando na súa produción e programación os distintos desafíos globais aos que nos enfrontamos, como son a desigualdade, o cambio climático, a economía circular ou o apoio

a entidades locais. Nos últimos anos puxéronse en marcha accións diversas, especialmente en relación coa igualdade nos equipos de traballo, a xestión de residuos ou a accesibilidade dos eventos. Practicamente o cento por cento dos festivais galegos e, entre eles, os que se asentan na Coruña manifestan a súa vontade de compromiso cos desafíos da Axenda 2030.

Porén, non abonda co compromiso. Fai falta formación adaptada ao ámbito cultural e entender o carácter holístico e colaborativo do desenvolvemento sustentable de cara a integrar o novo paradigma da sustentabilidade na nosa praxe, tal e como se recolle no documento *Objetivos del desarrollo sostenible y sus metas desde la perspectiva cultural. Una lectura transversal* (REDS, 2022). Formación, liderado, mellora na xestión da sustentabilidade e alianzas son os grandes retos neste momento.

Os ámbitos social e medioambiental son os que abranguen a maior parte das iniciativas dos festivais do país. De acordo co primeiro diagnóstico realizado en 2022 polo Pacto pola Cultura Sustentable (iniciativa que aglutina trinta festivais de cinema e música de Galicia, a maioría promovidos por empresas pero con cofinanciamento público), os festivais manifestan estar traballando principalmente en temas vinculados coa igualdade, a accesibilidade e a comunicación inclusiva.

Cómpre subliñar que practicamente todos os festivais fan mención á igualdade con moita naturalidade, aínda que esta en xeral se circunscribe aos equipos de produción e non tanto á programación, e moito menos aos equipos directivos. En materia de accesibilidade, por exemplo, o enfoque varía segundo a tipoloxía do evento (música ou cinema, principalmente) ou o lugar de celebración (en



exteriores ou en interior). No ámbito medioambiental, as iniciativas son variadas: accións vinculadas á contorna, á enerxía, aos residuos, aos materiais ou á mobilidade. Na área de enerxía apenas hai iniciativas, xa que, en xeral, son consideradas responsabilidade da propiedade dos espazos ou, no caso dos festivais de exterior, dos provedores. Si é certo que hai moitas iniciativas vinculadas aos residuos (reducir, reutilizar, reciclar) que, na maioría dos casos, son o resultado da mediatización do problema dos plásticos, que calou fondo na sociedade. No ámbito económico, as iniciativas teñen que ver principalmente co apoio á contorna artística e á produción de mercadorías a nivel local. Cada vez máis, os festivais buscan empresas provedoras próximas, mais, en xeral, aínda falta moito percorrido no relativo á colaboración e apoio a outras entidades locais e grupos de interese.

Con esta guía queremos acompañar os festivais, nomeadamente aqueles que demandan cofinanciamento da deputación a través das diferentes liñas de subvencións, na adquisición dunha visión holística da sustentabilidade que supere a concepción meramente medioambiental vinculada ao cambio climático. Para iso, analizaremos os impactos negativos e positivos en todas as fases dos proxectos: planificación, organización, celebración e peche. Como xa se mencionou, para avanzar precísase formación, liderado, recursos e alianzas. Sen pánico, pero sen volta atrás, debemos ser conscientes de que cando deseñamos un evento imos tomar decisións relevantes en relación coa sustentabilidade. Precisamos recursos, si, mais esta transformación significa a medio prazo eficiencia e, polo tanto, deixar atrás o tan socorrido argumento de que «ser sustentable é máis caro». Ademais, afirmamos que —directamente en relación con esta guía que pretende contribuír a



mellorar a proposta dos festivais ante os seus patrocinadores e colaboradores— ser sustentable abre novas vías de apoio e financiamento, máxime en contextos de recesión nos que os investimentos culturais van valorar en maior medida o compromiso dos eventos co desenvolvemento sustentable.

Con paso seguro e con convicción, sen accións cara á galería e con transparencia e constancia, os eventos culturais, nos que conflúen múltiples grupos de interese, desde o público aos provedores, desde a Administración pública ao tecido artístico, serán importantes axentes do cambio.

Tanto o xa mencionado Pacto pola Cultura Sustentable como o informe *Festivales de música y Agenda 2030* (Asociación de Festivales de Música en colaboración con Gabeiras y Asociados e apoio do INAEM, 2021) identifican 10 ODS, dos 17 totais, nos que os festivais poden impactar: saúde e benestar (ODS 3), igualdade de xénero (ODS 5), auga limpa e saneamento (ODS 6), enerxía accesible e non-contaminante (ODS 7), traballo decente e crecemento económico (ODS 8), redución das desigualdades (ODS 10), cidades e comunidades sustentables (ODS 11), produción e consumo responsables (ODS 12), acción polo clima (ODS 13) e alianzas (ODS 17).

Case nada, non si? Nas próximas páxinas da guía aprofundamos no plan de acción para os festivais, con propostas concretas vinculadas á consecución de apoio e cofinanciamento, e con exemplos de boas prácticas en sustentabilidade que xa se están levando a cabo aquí e agora.



A large, abstract green shape, resembling a stylized leaf or a torn piece of paper, is positioned on the left side of the page. It has a jagged, irregular edge and a solid green color.

3. ACCIONES SUSTEN- TABLES: 65 PRO- POSTAS DE MELLORA

SEGUNDO AS NACIÓN S UNIDAS, UN EVENTO SUSTENTABLE É UN EVENTO CREADO E PLANIFICADO DUNHA MANEIRA QUE MINIMICE OS IMPACTOS POTENCIAIS NEGATIVOS E TEÑA UN IMPACTO POSITIVO NO LEGADO DA COMUNIDADE LOCAL E DE TODAS AS PERSOAS INVOLUCRADAS.

COMO ACABAMOS DE VER, DESDE A NOSA ACTIVIDADE CULTURAL E DESDE OS NOSOS FESTIVAIS PODEN SER MOITAS E MOI VARIADAS AS INICIATIVAS QUE POÑER EN MARCHA PARA CONTRIBUÍR AO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE E Á AXENDA 2030.




Figura 3. Grupos de interese nun festival

Un aspecto importante para ter en conta é que a sustentabilidade nun evento é, en primeira instancia, responsabilidade da súa organización, pero a posta en marcha e o éxito das accións é responsabilidade de todas as persoas e entidades que forman parte do evento. A todas estas persoas e entidades chamámolas *grupos de interese*. Denomínanse *grupos de interese* as persoas, grupos de persoas ou organizacións que poden verse afectadas pola actividade do festival (organismos patrocinadores, empresas proveedoras, público, persoal, artistas, habitantes da localidade onde se celebra o evento, entidades locais, ecoloxistas, medios de comunicación etc.) en calquera das súas fases, xa sexa de forma positiva ou negativa.

Para garantir o desenvolvemento sustentable do evento é moi importante a identificación destes grupos, así como o diálogo constante con eles. Adoptar os mecanismos e as canles de comunicación adecuados con cada grupo e manter unha comunicación continua e transparente son fundamentais para acadar os nosos obxectivos. Como veremos ao final deste apartado, esta será unha das accións que deberemos poñer en marcha se queremos acadar a Axenda 2030.

Para facilitar o uso da guía, clasificamos as distintas accións segundo o ámbito da sustentabilidade no que se enmarcan: social, medioambiental ou económico.

Do mesmo xeito, para non perder de vista a contribución destas accións aos obxectivos da Axenda 2030, dentro de cada ámbito agrupamos as accións pola súa contribución a un obxectivo en concreto. Deste xeito, seredes quen de identificar facilmente aqueles ámbitos nos que estades a contribuír á Axenda 2030.

Aínda que son moitas as accións recollidas nesta guía, estamos seguras de que non están todas as que son. É moi probable tamén que xa teñades identificadas ou mesmo implantadas nos vosos festivais moitas delas, mais o que sabemos con certeza é que aínda son moitas máis as que xuntas iremos identificando e incorporando aos nosos eventos nos próximos anos.



3.1 Ámbito social

Dos 17 obxectivos da Axenda 2030, hai 10 que están relacionados co aspecto social do desenvolvemento sustentable.

ODS 1. Fin da pobreza

ODS 2. Fame cero

ODS 3. Saúde e benestar

ODS 4. Educación de calidade

ODS 5. Igualdade de xénero

ODS 8. Traballo decente e crecemento económico

ODS 10. Redución das desigualdades

ODS 11. Cidades e comunidades sustentables

ODS 16. Paz, xustiza e institucións sólidas

ODS 17. Alianzas para acadar os obxectivos

Nesta guía ímonos centrar en **catro destes obxectivos**, o que non implica que un festival non poida desenvolver iniciativas no resto. O ODS 17, que nesta guía aparecerá só de maneira explícita no ámbito económico, está vinculado a todos os ámbitos. As alianzas serán a chave, en todos os procesos, para que conxuntamente fagamos unha transformación exitosa.

ODS 3. Saúde e benestar

O obxectivo do ODS 3 é garantir unha vida sa e promover o benestar de todas as persoas en todas as idades.

Desde os nosos festivais podemos contribuír a este obxectivo desde diferentes perspectivas:

- Garantindo a seguridade das persoas que participan no evento
- Garantindo a hixiene
- Garantindo unhas condicións de traballo dignas

Na organización e desenvolvemento dun festival, unha das cuestións máis importantes para quen o promove debe ser a seguridade do persoal que traballa no evento, artistas e asistentes. A seguridade aséntase en dous piares básicos: a **prevención de riscos laborais**, orientada ás persoas traballadoras e artistas, e o **plan de seguridade**, que ten como finalidade protexer todas as persoas que participen do espectáculo. Nesta liñas, as primeiras accións que identificamos son:

1. Elaborar un plan de prevención riscos laborais ou unha avaliación de riscos e contar cunha coordinación de actividades cando concorran varias empresas.
2. Contar cun plan de autoprotección.
3. Dispoñer da documentación legal establecida (título habilitante ou declaración responsable, licenzas, proxectos técnicos...).

Outra das cuestións relevantes tamén é a correcta limpeza, hixiene e salubridade do festival. Ás xa coñecidas tarefas de dimensionar necesidades de instalacións e tarefas de limpeza temos que sumarlles a implantación de todos os protocolos relativos á covid-19. Estas son algunhas accións que podemos poñer en marcha neste ámbito:



4. Dispoñer dun servizo de limpeza específico para o evento.
5. Implantar as medidas covid que sexan de aplicación no momento de celebración do evento.

6. Dimensionar ben as necesidades da instalación e, en caso de empregar baños químicos, solicitar ao remate o certificado de transporte dos residuos á planta de tratamento autorizado. A xestión deste tipo de residuos debe cumprir cunhas estritas normas de vertedura na EDAR. Porén, non é a primeira vez que se rexistran verteduras sen permiso ou autorización.

O último aspecto —e, se cadra, o máis importante— é o traballo das persoas que contribúen á celebración do festival. Por iso, debemos levar a cabo as seguintes accións:

7. Controlar que a documentación relativa ás persoas traballadoras está ao día e na forma correcta: contratos, altas na Seguridade Social, documentos de cotización (TC), entrega de equipo de protección individual (EPI) ou formación en prevención de riscos laborais, entre outras cuestións.

ODS 5. Igualdade de xénero

O obxectivo do ODS 5 é facilitar ás mulleres e as nenas a igualdade de oportunidades como a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sostible.

Desde o 8 de marzo de 2022, en España, as empresas con máis de 50 persoas traballadoras están obrigadas a ter un plan de igualdade. Este plan debe recoller un conxunto ordenado de medidas dispoñibles dirixidas a eliminar os obstáculos que impiden ou difi-



cultan a igualdade efectiva de mulleres e homes. Á hora de deseñar un plan haberá que definir a política da empresa sobre o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes a partir dos resultados obtidos dunha diagnose da situación.

Malia que non teñamos a obriga de elaborar un plan de igualdade, levar a cabo unha diagnose do estado dos nosos equipos en materia de igualdade é sempre unha boa iniciativa. Axudaranos a sentar as bases para a elaboración de políticas de igualdade para os nosos eventos e para o establecemento de obxectivos. Deste xeito, estaremos creando o marco no que queremos traballar.

Nesta liña identificamos as seguintes accións:

8. Poñer en marcha políticas de igualdade.
9. Contar con mulleres nos equipos directivos.
10. Contar con mulleres nos equipos de produción.
11. Contar con mulleres na programación (artistas, directoras, grupos de/con mulleres, relatoras...).

A respecto das accións relativas a contar con mulleres nos equipos ou na programación, debemos ser esixentes e ir un pouco máis aló. Dubidamos de que a estas alturas aínda haxa algún festival que non conte con mulleres no seu equipo ou na programación; polo tanto, non debemos conformarnos con dicir que xa estamos cumprindo con estas accións. Debemos ser obxectivas e saber con exactitude que porcentaxes representan esas mulleres e, a partir deses datos, establecer obxectivos de mellora para incrementar, se así fose, as porcentaxes nas vindeiras edicións.

No ámbito da igualdade, outras accións que podemos levar a cabo teñen que ver coa asistencia, a información ou a comunicación, como son:



12. Contar cun punto morado, para asistencia e información sobre agresións sexuais.

13. Empregar unha linguaxe non-sexista, libre de estereotipos e prexuízos.

ODS 8. *Traballo decente e crecemento económico*

O ODS 8 pretende conseguir un crecemento económico sostible e inclusivo, que beneficie todas as persoas por igual e non prexudique o medio ambiente. Isto só poderá conseguirse creando emprego decente para todas as persoas, especialmente para mulleres, persoas mozas e outros grupos en situación de vulnerabilidade, erradicando prácticas como o traballo forzoso e infantil, e impulsando o emprendemento e a innovación tecnolóxica.

Os equipos directivos dos festivais deben ter a vontade de xerar espazos de traballo que sexan unha contorna de confianza, xa que aí é onde realmente comeza a sustentabilidade. Este é un primeiro paso, pero non o único: poñer os medios para garantir unhas condicións de traballo dignas vai da man.

Nesta liña, as accións propostas son:

14. Contar cun organigrama nominativo que inclúa tanto unha representación gráfica da xerarquía coma a descrición das tarefas e responsabilidades específicas de cada posto.

15. Asinar contratos ou acordos que fixen os servizos e os dereitos e obrigas de cada unha das partes.

16. Facilitar e fomentar a formación das persoas que integran



os equipos directivos e de produción tanto en materia de sustentabilidade coma formación específica nas súas áreas.

ODS 10. Redución das desigualdades

O obxectivo 10, entre outros aspectos, pretende reducir a desigualdade de ingresos e oportunidades, e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, especialmente dos grupos vulnerables.

Cando nos referimos a reducir desigualdades, desde os festivais podemos traballar en diferentes eidos como son mellorar a accesibilidade aos nosos eventos ou fomentar a diversidade e a inclusión. A maioría das veces, cando pensamos en accesibilidade, pensamos nunha persoa en cadeira de rodas, pero a accesibilidade abrangue moito máis. O Real decreto lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, define a accesibilidade universal como «a condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade, e da forma máis autónoma e natural posible». Cando falamos de accesibilidade debemos pensar polo menos na accesibilidade física, motora, cognitiva, sensorial e orgánica.

O mesmo ocorre cando falamos de diversidade. Fomentar a diversidade implica traballar para que todas as persoas que poidan estar implicadas no festival sexan aceptadas tal e como son, con independencia da súa raza, etnia, xénero ou identidade de xénero, orienta-



ción sexual, idade, relixión, discapacidade, nacionalidade, gustos etc. Non se debe tolerar ningún tipo de discriminación.

Partindo do anterior, estas son algunhas das accións que podemos poñer en marcha en relación coa accesibilidade:

17. Dispoñer dun plan de accesibilidade.

18. Fomentar e mellorar a accesibilidade física:

- » Contar con espazos libres de barreiras, desniveis e obstáculos.
- » Garantir unha libre deambulación, autonomía e independencia nos desprazamentos (circulación e mobilidade fundamentalmente). Utilizar rampas ou elevadores no caso de existiren desniveis.
- » Dispoñer baños accesibles conforme a normativa vixente e que permitan o acceso con cadeira de rodas.
- » Dispoñer espazos preferentes de asento e/ou localidades para persoas con mobilidade reducida.
- » En eventos multitudinarios, empregar plataformas elevadas, tanto para garantir o desfrute dos concertos, coma para responder eficazmente ante emerxencias que requiran dunha evacuación de masas.
- » Dispoñer superficies e obxectos de fácil agarre (varandas, pomos, bileteiras etc.).
- » Dispoñer zonas accesibles nas barras, zonas de restauración, puntos de información e resto de servizos auxiliares.
- » Ter zonas de aparcamento habilitadas.

19. Fomentar e mellorar a accesibilidade auditiva:

- » Empregar lingua de signos.
- » Empregar subtítulo e/ou subtítulo para persoas xordas.
- » Contar cun servizo de videointerpretación en lingua de signos.
- » Dispoñer dun control dos subgraves.
- » Dispoñer de pantallas LED.



- » Dispoñer de sistemas de transmisión de vibracións.
- » Dispoñer de bucle magnético.
- » Dispoñer de sistemas FM.
- » Ter accesibles as letras das cancións.

20. Fomentar e mellorar a accesibilidade visual:

- » Contar con audiodescrición.
- » Dispoñer de información en braille, plano táctil e relevo.
- » Empregar a lectura fácil.
- » Empregar signoguía ou audioguías.
- » Deseñar as webs e RRSS para que sexan accesibles.

Unha boa maneira de recoller o noso compromiso é:

21. Elaborar e facer público un código de conduta.

22. Fomentar a asistencia e participación dun público diverso (idade, nacionalidade, identidade...).

Por último, a respecto da inclusión, outro aspecto que cómpre ter en conta nos festivais é a oferta gastronómica. Nos últimos anos creceu considerablemente o número de persoas intolerantes ao glute ou a outros alimentos, bebidas ou aditivos, así como o número de persoas que optan por alternativas que non contemplan o consumo de carne. Por este motivo, é fundamental promover a necesidade de contar con distintas opcións máis naturais e saudables para ofrecer ás persoas que participan no evento.

23. Fomentar a diversidade de opcións de alimentación:

- » Incluír opcións sen glute ou outras intolerancias ou alerxias alimentarias.
- » Incluír opcións veganas.
- » Incluír opcións vexetarianas.



3.2 Ámbito medioambiental

No ámbito medioambiental, a Axenda concreta os seus obxectivos en 7 ODS:

ODS 6. Auga limpa e saneamento

ODS 7. Enerxía accesible e non-contaminante

ODS 12. Produción e consumo responsables

ODS 13. Acción polo clima

ODS 14. Vida submarina

ODS 15. Vida de ecosistemas terrestres

ODS 17. Alianzas para acadar os obxectivos

Coma calquera actividade, a celebración dun festival ten un impacto no ambiente. O consumo de enerxías fósiles nos grupos electrónos ou nos vehículos, por exemplo, é responsable de emisións de CO₂ á atmosfera, xeramos residuos sólidos en todas as etapas do festival, como embalaxes, mallas de protección, bridas, soportes para a comida ou incluso residuos líquidos se usamos baños químicos ou lavalouzas. Pararse a pensar en como facemos as cousas, que recursos consumimos, como os consumimos e canto consumimos será o primeiro paso que teremos que dar para minimizar o noso impacto.

Por outra banda, xa sexa directa ou indirectamente, as nosas accións van impactar na vida mariña e nos ecosistemas terrestres da nosa contorna. Non imos entrar aquí nestes dous obxectivos, mais si deixaremos recollidas accións vinculadas aos outros ODS.

ODS 6. Auga limpa e saneamento

O ODS 6 está destinado a lograr un acceso universal e equitativo á auga potable e a servizos de saneamento e hixiene adecuados, así como a mellorar a calidade da auga a nivel global.

A auga é esencial para a vida das persoas e das comunidades, así como unha peza básica da saúde pública, do benestar social e de sectores de interese xeral como a agricultura. Por iso, a sustentabilidade dos ríos, as zonas húmidas, os lagos e os acuíferos é máis necesaria ca nunca.

A escaseza de auga está a afectar cada vez máis países e máis persoas. É urxente facer un consumo de auga responsable, así como evitar a contaminación das augas existentes.

Por ser esencial para as persoas, a primeira acción que recollemos neste apartado é:

24. Garantir a existencia de puntos de acceso gratuíto á auga potable.

Con relación ao aforro de auga, as accións van depender das instalacións onde se desenvolva o festival, se é exterior ou interior (museos, teatros, salas de cinema...), se temos zona de cámping ou non, se empregamos electrodomésticos... Algunhas das accións que podemos poñer en marcha son:

25. Empregar reducores de caudal, temporizadores ou detectores de caudal en duchas e billas.



26. Usar os electrodomésticos coa carga completa.

Para reducir a contaminación das augas podemos:

27. Empregar baños ecolóxicos.

28. Empregar produtos de limpeza ecolóxicos ou certificados.

Son moitos os eventos que necesitan contar con inodoros portátiles. Na gran maioría optan polos coñecidos como *baños químicos*, inodoros que están pensados para o seu uso cando non hai fontanería dispoñible. Este tipo de aseos dispoñen dun tanque onde se depositan os residuos e empregan químicos diluídos en auga para minimizar os cheiros e descompoñer os refugалlos. Existen outras alternativas, os chamados *baños ecolóxicos* ou *baños secos*, unha opción que non emprega auga e na que os residuos xerados son posteriormente transformados en compost. Ao contrario do que podemos pensar de entrada, estes baños son totalmente inodoros.

ODS 7. Enerxía accesible e non-contaminante

O ODS 7 pretende, a curto prazo, garantir o acceso universal a unha enerxía accesible, fiable e moderna para mellorar as condicións de vida de millóns de persoas. A longo prazo perséguese aumentar o uso de enerxías renovables en detrimento dos combustibles fósiles e fomentar a eficiencia enerxética, creando unha economía completamente sustentable na que prime o benestar da sociedade e o medio ambiente.

Xa sexa en maior ou menor medida, a enerxía é un recurso necesario para a celebración de calquera festival. En numerosas ocasións, o tipo de subministración vai depender da localización do



noso evento, de se temos ou non posibilidade de conectarnos á rede xeral de subministración eléctrica ou de tanta potencia imos necesitar. Mellorar o noso desempeño enerxético, polo tanto, vai requirir dunha planificación previa.

As primeiras accións están centradas en mellorar a fonte de subministración, de tal xeito que sempre que sexa viable deberemos:

29. Empregar enerxía da rede.

Cando polas circunstancias nos vexamos obrigadas ao emprego de grupos electrógenos, deberemos valorar as seguintes accións:

30. Empregar xeradores máis eficientes.

31. Empregar biocombustibles.

E se for viable:

32. Empregar enerxía de fontes renovables.

Outro dos aspectos fundamentais para facer un bo uso da enerxía é saber canto consumimos exactamente e de que maneira, polo que será necesario:

33. Medir ou estimar o consumo enerxético.

Para medir o consumo enerxético imos requirir de especialistas que conten cos equipos de medición necesarios. Dispoñer deste tipo de medicións axudaranos a dimensionar correctamente en próximas edicións e a asegurarnos de que os equipos que nos subministren son os máis axeitados para a nosa demanda de enerxía. Ao medir os consumos de forma continuada poderemos identificar tamén como varía a demanda ao longo das xornadas, o que nos permitirá realizar axustes. Entre os axustes que nos permiten reducir o consumo enerxético están:



- 34. Regular a iluminación do recinto segundo os horarios de uso.
- 35. Empregar equipos eficientes (luz, son, electrodomésticos...).

ODS 12. Producción e consumo responsables

Co ODS 12, as Nacións Unidas aspiran a cambiar o modelo actual de produción e consumo para conseguir unha xestión eficiente dos recursos naturais, poñendo en marcha procesos para evitar a perda de alimentos, facer un uso ecolóxico dos produtos químicos e diminuír a xeración de refugallos.

Do mesmo xeito, pretende impulsar os estilos de vida sostibles entre toda a poboación, conseguir que o sector privado actúe baixo criterios de sustentabilidade e favorecer o cambio de modelo por medio de políticas públicas que eliminen os subsidios aos combustibles fósiles e fomenten a contratación pública sostible. Preténdese tamén fomentar un turismo sostible, que xere crecemento económico e protexa a cultura e os produtos locais.

Ao igual que coa auga e a enerxía, cando nos referimos a materiais e produtos, debemos pararnos a pensar cales son eses materiais, se hai alternativas máis sustentables, se necesitamos realmente todo o que compramos ou se podemos reutilizar algúns elementos.

O primeiro paso que temos que dar neste liña vai ser:

- 36. Analizar con antelación as compras en base ás necesidades do evento.

A continuación deberemos pararnos a pensar nos residuos que son xerados no noso evento, cal é a súa tipoloxía, en que cantidade se van producir, onde se xeran e quen o fai.



- 37. Dispoñer dun plan integral de xestión de residuos.
- 38. Dispoñer de contedores para a recolla selectiva.
- 39. Solicitar á empresa que recolle os residuos datos de cantidade e certificado de entrega a xestor autorizado.
- 40. Realizar medicións/estimacións do volume de residuos xerados.

A análise anterior vains servir de punto de partida para detectar aquelas accións que nos axudarán a reducir o volume de residuos xerados, entre as que se atopan:

- 41. Empregar vasos reutilizables.
- 42. Eliminar o emprego de materiais impresos (programas, folletos etc.).
- 43. Empregar opción de *cashless*.
- 44. Reutilizar elementos de edicións anteriores (*roller*, *photocall*, peches perimetrais, sinalética etc.).
- 45. Asegurar que o persoal de produción empregue botellas reutilizables.
- 46. Reducir as embalaxes.
- 47. Comprar produtos a granel.

Outro ámbito no que podemos traballar é no dos materiais. Hai materiais que son considerados máis sustentables ca outros, xa sexa porque proceden de fontes renovables, xa porque empregan menos químicos na súa fabricación, xa porque consomen menos auga ou enerxía nos procesos. Algunhas accións neste ámbito son:

- 48. Comprar *merchandising* feito de materiais certificados como, por exemplo, o algodón ecolóxico.



49. Empregar vaixelas de materiais reciclables, como recipientes de cartón para a comida, vasos compostables ou peches perime-
trais de madeira.

50. Empregar papel certificado (FSC, PEFC) ou reciclado.

Ao fío dos certificados, é recomendable pedir ás entidades prove-
doras que nos faciliten o certificado para verificar que realmente
dispoñen del e non é un mero *greenwashing*. Verificar a auten-
ticidade dun certificado é relativamente sinxelo nas páxinas das
entidades que os emiten.

Por outra banda, debemos ser moi precavidos con todo aquilo que
nos vendan como biodegradable ou compostable. Cando nos din
que un material é biodegradable, isto non significa que se poida
desbotar en calquera sitio e que se vai «evaporar» e desaparecer
por arte de maxia. Os procesos de descomposición poden ser lon-
gos e estes elementos deberán desbotarse sempre no contedor
correspondente que, no noso caso, será o contedor do resto.

Algo similar ocorre cos materiais compostables. O medio no que
un material se composta non é sempre o mesmo e, cando nos din
que un material é compostable, deberán indicarnos se é compos-
table nun composteiro doméstico ou nunha instalación de com-
postaxe industrial, e en calquera dos dous casos deberían facilitar-
nos tamén o certificado que o acredita.

Outra das iniciativas que se contemplan neste punto está rela-
cionada co consumo local, de proximidade e de tempada, o que
moitas veces implica facer unha mudanza nos nosos costumes
de alimentación:

51. Dispor de oferta gastronómica con produtos locais e de
tempada.



A última das accións neste punto ten que ver co turismo sustentable: este debe xerar crecemento económico e protexer a cultura e os produtos locais. Para iso deberemos deseñar accións e actividades para público, artistas ou persoal orientadas a:

52. Dar a coñecer a contorna e/ou prolongar a estancia.

ODS 13. Acción polo clima

O obxectivo 13 pretende introducir o cambio climático como cuestión primordial nas políticas, estratexias e plans de países, empresas e sociedade civil, mellorando a resposta aos problemas que xera, tales como os desastres naturais, e impulsando a educación e sensibilización de toda a poboación.

Xa adiantabamos no ODS 7 a importancia de optimizar o noso consumo enerxético e de elixir as «mellores» fontes de enerxía para reducir as nosas emisións de CO₂. As accións xa recollidas na guía non son as únicas que podemos poñer en marcha. Unha das actividades que ten un maior impacto no consumo de enerxía é a mobilidade. Por iso, neste punto introducimos o concepto de *multimodalidade*.

Desde hai máis de 15 anos, celébrase con carácter anual a Semana Europea da Mobilidade. Un dos seus obxectivos é promover a multimodalidade ou, o que é o mesmo, elixir diferentes modos de transporte para moverse na mesma viaxe. Moitas persoas optamos instintivamente polo mesmo medio de transporte cando nos desprazamos sen necesariamente examinar as necesidades da viaxe. Abrazar o concepto de multimodalidade significa repensar a forma na que nos movemos e ter a vontade de probar novas formas de mobilidade.



Para contribuír a minimizar o noso impacto no clima, algunhas das accións que podemos contemplar son:

- 53. Colaborar con empresas de transporte público.
- 54. Priorizar o tren antes ca o avión nos desprazamentos.
- 55. Fomentar o transporte compartido entre as persoas dos equipos de produción.
- 56. Fomentar o uso da bici entre os equipos de produción.
- 57. Reservar os hoteis preto dos recintos para que artistas e *staff* poidan ir andando.
- 58. Empregar vehículos eléctricos.



3.3 Ámbito económico

Por último, no relativo ao ámbito económico, a Axenda contempla 5 obxectivos:

ODS 8. Traballo decente e crecemento económico

ODS 9. Industria, innovación e infraestrutura

ODS 11. Cidades e comunidades sustentables

ODS 12. Produción e consumo responsables

ODS 17. Alianzas para acadar os obxectivos

ODS 8. Traballo decente e crecemento económico

O ODS 8 pretende conseguir un crecemento económico sostible e inclusivo, que beneficie todas as persoas por igual e non prexudique o medio ambiente. Isto só poderá conseguirse creando emprego decente para todas as persoas, especialmente para mulleres, xente moza e outros grupos en situación de vulnerabilidade, erradicando prácticas como o traballo forzoso e infantil, e impulsando o emprendemento e a innovación tecnolóxica.

Malia que xa falamos deste obxectivo no ámbito social, retomámolo en relación co crecemento económico. A viabilidade económica dos proxectos é sempre o gran crebacabezas, polo que debemos contar con ferramentas que nos axuden na xestión e nos faciliten medir a evolución do noso evento desde unha perspectiva xeral.

As accións propostas neste punto son:

59. Dispoñer dun cadro de mando/indicadores.

60. Medir os indicadores.

ODS 11. Cidades e comunidades sustentables

O ODS 11 pretende conseguir cidades e comunidades sustentables mediante o acceso de toda a poboación a vivendas, servizos básicos e medios de transporte adecuados, accesibles e seguros, especialmente para as persoas en situación de vulnerabilidade, e mediante o fomento nas cidades da redución do impacto medioambiental, potenciando as zonas verdes e os espazos públicos seguros e inclusivos, un urbanismo sostible e unha mellora das condicións nos barrios marxinais.

Ademais, preténdese conseguir a preservación do patrimonio cultural e natural do mundo, facer fronte aos impactos dos desastres naturais nos asentamentos humanos e fortalecer o vínculo entre as zonas urbanas e rurais para xerar un desenvolvemento que beneficie a ambas.

Unha forma de contribuír a crear comunidades sustentables desde os festivais é apoiando o tecido artístico e as entidades locais:

61. Contratar artistas locais.

62. Colaborar con entidades/asociacións galegas.

63. Colaborar con entidades/asociacións da contorna máis próxima.



ODS 17. Alianzas para acadar os obxectivos

O obxectivo 17 pretende fortalecer a Alianza Mundial para o Desenvolvemento Sustentable mobilizando e intercambiando coñecementos, capacidade técnica, tecnoloxía e recursos financeiros para acadar a axenda global en todos os países, en particular nos países en desenvolvemento, e promovendo alianzas nas esferas pública, público-privada e da sociedade civil a fin de **contribuír conxuntamente ao desenvolvemento sustentable.**

Impliquemos na transformación cara á sustentabilidade dos nosos eventos todas as persoas e entidades que forman parte deles.

Necesitamos establecer alianzas fortes e duradeiras cos nosos públicos, colaboradoras, patrocinadores, coas administracións..., e facelo por medio dunha comunicación axeitada e específica. É necesaria a cooperación e coordinación entre os distintos axentes para conseguir mobilizar recursos, intercambiar coñecementos, capacidade técnica e tecnoloxía, así coma recursos financeiros para acadar a axenda.

Como un primeiro paso, as accións que contemplamos neste punto son:

64. Identificar os grupos de interese.

65. Manter reunións específicas sobre sustentabilidade cos grupos de interese.



4.

BOAS PRÁC- TICAS



PROPOÑEMOS ALGÚNS EXEMPLOS PRÓXIMOS DE ACCIÓNS CON
IMPACTO POSITIVO NO CAMIÑO CARA Á SUSTENTABILIDADE E O
IMPACTO POSITIVO NA AXENDA 2030.

4.1 No ámbito social

Un equipo para a igualdade. Carballo Interplay. Organizado polo Concello de Carballo, o primeiro festival dedicado ás webseries en todo o Estado nace en 2014 centrado nos contidos dixitais e nas novas linguaxes. O seu equipo de xestión e produción é un modelo de igualdade pouco habitual, non só pola maioría numérica de mulleres, senón porque levan as áreas de responsabilidade: dirección, produción, actividades e comunicación, entre outras.

ODS 5. Igualdade de xénero

carballointerplay.com

A comunidade xorda e o cinema. MICE (Mostra Internacional de Cinema Etnográfico)-Museo do Pobo Galego. En 2006 nace en Santiago de Compostela a MICE, un festival para mostrar obras audiovisuais do século XXI relacionadas coa etnografía e a antropoloxía, disciplinas científicas nas que se enmarca o traballo do Museo do Pobo Galego. Nos últimos anos subtitúlanse todos os filmes que se proxectan, incluídos aqueles en lingua galega ou castelán, e cada edición conta cun pase con subtitulado específico para a comunidade xorda.

ODS 3. Saúde e benestar

ODS 10. Redución das desigualdades

mice.museodopobo.gal

4.2 No ámbito medioambiental

Os recursos do mar. Festival Mares da Fin do Mundo. Organizado polo concello de Outes desde 2018, este festival de cinema documental destaca polo seu compromiso co coidado do mar e dos seus recursos: cinema medioambiental, exposicións e música para un programa que ten en conta o sector da pesca artesanal, tan relevante na súa contorna. Ademais, Mares da Fin do Mundo colabora con outros certames europeos desenvolvidos en comunidades pesqueiras: Pecheurs du Monde en Lorient (Francia), Nordkapp Film Festival en Honningsvåg (Noruega) ou Clare Island Film Festival na illa de Clare (Irlanda).

ODS 12. Produción e consumo responsables

ODS 14. Vida submarina

ODS 17. Alianzas para acadar os obxectivos

maresdafindomundo.gal

Vasos para reducir o lixo. Festa da Carballeira de Zas. Desde hai máis de trinta e cinco anos, coa única interrupción da pandemia da covid-19, celébrase o primeiro sábado de agosto a Festa da Carballeira no concello de Zas, un evento que suma os formatos de festa tradicional durante o día e festival folk durante a noite. A Asociación Cultural Castro de Meda, organizadora do evento, integrou



hai seis anos no festival o vaso reutilizable para reducir a xeración de residuos. Dous anos máis tarde estimaban que o vaso, que se revaloriza cunha ilustración de artista, reducía en cen quilos o lixo xerado polo evento.

ODS 12. Produción e consumo responsables

festadacarballeira.com



4.3 No ámbito económico

O produto local artesanal, cabeza de cartel. Festa do Queixo de Arzúa. É un dos eventos máis lonxeiros de Galicia, con corenta e sete edicións celebradas. A Festa do Queixo, promovida polo Concello de Arzúa, coa súa combinación de formato feira e festival, é unha importante ferramenta de desenvolvemento local ao redor dun produto estrela: o queixo de Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa, de elaboración artesanal. Máis de cincuenta queixerías cítanse anualmente no evento que se celebra durante tres días no mes de marzo.

ODS 12. Producción e consumo responsables

ODS 17. Alianzas para acadar os obxectivos

festadoqueixo.org

A hostalería local, grupo de interese. Asalto ao Castelo en Vimianzo. Con vinte e cinco edicións, o Asalto ao Castelo en Vimianzo recrea as revoltas irmandiñas do século xv a través de música, teatro, actividades e, por suposto, o famoso «asalto» nocturno ao castelo, que reúne milleiros de persoas. Promovido polo concello coa Asociación Cultural Cherinkas e AXVALSO, ademais de coa implicación de diversos colectivos da contorna, o evento integra a hostalería local desde hai doce anos coa iniciativa Pinchos Irmandiños. O que comezou como un complemento gastronómico ao carácter histórico e festivo do Asalto, hoxe é un dos «pratos estrela»

do evento, con bares e restaurantes da localidade implicados durante unha semana.

ODS 17. Alianzas para acadar os obxectivos

asaltoaocastelo.com



A large orange geometric shape, resembling a stylized triangle or a sector of a circle, is positioned in the upper left corner of the page. It has a sharp point pointing towards the center of the page.

5. PLAN DE SUSTEN- TABILI- DADE

5.1 Pasos para elaborar o plan

Para mellorar na sustentabilidade do noso festival, ou ben podemos escoller unha serie de accións e poñelas en marcha, ou ben podemos pararnos un anaco e elaborar un **plan de sustentabilidade**.

Elaborar un plan de sustentabilidade non vai depender tanto dun orzamento coma do compromiso do equipo directivo, e o que nos vai proporcionar é unha serie de incentivos, como poden ser a mellora continua, a motivación das persoas que forman parte do equipo ou a mellora da fidelidade das nosas entidades patrocinadoras.

Antes de chegar ao plan de sustentabilidade, o máis recomendable é seguir unha serie de pasos previos, tal e como recolle a Sustainable Event Alliance (SEA):

i. COMPROMISO. O primeiro paso é contar co compromiso da directiva e tratar de involucrar o equipo creando un pequeno grupo de traballo de dúas ou tres persoas; dirección+producción+comunicación é unha boa combinación.

ii. HABILIDADES. Como xa vimos con anterioridade, a sustentabilidade é complexa, polo que asistir a algún tipo de acción formativa neste ámbito é moi recomendable.

iii. DIAGNÓSTICO. Non todos os eventos teñen as mesmas características; por iso é necesario, antes de comezar a tomar decisións, facer un pequeno diagnóstico que nos permita identificar os impactos do noso evento nas distintas áreas (igualdade, accesibilidade, diversidade, enerxía, auga, residuos, comunidade local etc.), así como a capacidade que temos nós de intervir nesas áreas.

iv. POLÍTICA. Chegado este punto, toca escribir a política de sustentabilidade que reflectirá o noso compromiso en termos de principios de sustentabilidade.

v. OBXECTIVOS. A continuación estableceremos os obxectivos que poderán ser de carácter xeral ou específicos por áreas.

vi. ACCIÓN. E aquí é onde toca seleccionar en que áreas imos traballar e que accións imos levar a cabo para acadar os nosos obxectivos.

vii. AVALIACIÓN. Como adiantabamos máis arriba, un dos beneficios do plan pode ser a mellora continua. Para iso temos que monitoroar, medir e avaliar as nosas accións, polo que deberemos contar cunha serie de indicadores ou KPI que abranzan, non só o desempeño económico, senón tamén o desempeño social e medioambiental.

viii. DIVULGACIÓN. Envolver todos os nosos grupos de interese e facelos partícipes da visión, valores e obxectivos de sustentabili-



dade será unha das claves do éxito da nosa estratexia.

Como posible exemplo de guía para o plan de sustentabilidade, propoñemos o modelo do Pacto Cultura Sustentable que inclúe **cadro de política, obxectivos e indicadores.**¹

¹ O Pacto Cultura Sustentable é unha iniciativa que botou a andar en xullo de 2021 e que reúne ata o momento 30 festivais de música, cinema e cultura urbana. Trátase dunha alianza entre entidades e persoas do ámbito da cultura que se sente chamada á acción para a transformación do noso planeta e que ten como obxectivo facilitar e dinamizar a transformación do tecido cultural galego para a súa contribución ao desenvolvemento sustentable.



Política	Como parte do noso compromiso coa sustentabilidade, a nosa actividade debe garantir: » A igualdade e a diversidade (ODS 5) » Condicións de traballo dignas (ODS 8) » A adopción de medidas que garantan a accesibilidade (física, motora, cognitiva, sensorial e orgánica) (ODS 10) » A adopción de medidas de seguridade, saúde, hixiene e benestar (ODS 3) » A minimización do consumo enerxético e, sempre que sexa posible, abastecemento de fontes renovables ou menos contaminantes (ODS 7) » A minimización do consumo de auga e o acceso grauíto á auga potable (ODS 6) » A promoción do transporte público compartido e o fomento da idea de multimodalidade (ODS 13) » A implantación de criterios de economía circular (reducir, reutilizar e reciclar) e dun sistema axeitado de recollida e xestión dos residuos (ODS 12) » A medición de indicadores (ODS 8) » O apoio á contorna artística local (ODS 11) » A colaboración con empresas locais (ODS 11) » A identificación e participación dos grupos de interese (ODS 17)
Obxectivos estratéxicos	» Identificar as barreiras á accesibilidade universal do noso festival » Identificar os nosos grupos de interese para a promoción da cultura sustentable
Obxectivos específicos	» Eliminar o 100 % dos plásticos dun só uso » Medir a pegada de carbono (Alcance 1 e 2)



Indicadores ou KPI

- » % de mulleres nos equipos de produción en comparación co ano anterior
- » % de artistas locais en comparación co ano anterior
- » % de envases dun só uso eliminados en comparación co ano anterior
- » % de achega pública ao orzamento
- » A recollida e xestión dos residuos (ODS 12)
- » A medición de indicadores (ODS 8)
- » O apoio á contorna artística local (ODS 11)
- » A colaboración con empresas locais (ODS 11)
- » A identificación e participación dos grupos de interese (ODS 17)



5.2 Comunicar as nosas accións

É vontade desta guía servir como ferramenta útil para a estratexia sustentable dos festivais. A comunicación vai ser un vehículo fundamental para implicar todos os nosos grupos de interese e facelos partícipes de visión, valores e obxectivos. Neste apartado non se trata tanto de explicar a elaboración dun plan de comunicación para o evento (obxectivos, estratexia, ferramentas, accións e cronograma, memoria e avaliación) como de expoñer a necesidade de que a comunicación se integre na nosa estratexia subliñando a súa utilidade para a consecución dun evento máis sustentable.

Algunhas consideracións de partida para abordar o traballo de comunicación nos festivais:

Sí, comezamos pola parte menos positiva:

— **Son moitos os festivais organizados desde entidades sen ánimo de lucro ou mesmo concellos que, aínda hoxe, non dispoñen de persoal con formación en comunicación, por falta de recursos ou porque consideran que é un traballo que se pode adscribir a outras das áreas de organización.**

— Polas mesmas razóns, poderíase explicar a **falta de información de interese na estratexia de sustentabilidade nas webs, redes sociais, notas ou outros soportes** de divulgación dos eventos.

— No ángulo oposto á mencionada omisión de información, atopamos **accións de comunicación que esaxeran ou confunden os pasos dun evento en sustentabilidade**, caendo no que, en referencia ás grandes empresas, se denomina *greenwashing* (ou sexa, lavado de cara con escasa substancia).

— Asóciase habitualmente a comunicación ás accións públicas, aquelas que consideramos que se dirixen a unha audiencia externa que se identifica habitualmente coa cidadanía asistente ao noso festival. Porén, **todos os grupos de interese do festival son susceptibles de seren, non só receptores, senón tamén participantes na nosa comunicación**, non exclusivamente aquelas persoas que acudirán ao evento.

— En moitas ocasións esquecemos que o traballo da comunicación debe estar integrado no noso evento desde a fase do seu deseño. Comunicámonos cos patrocinadores, cos provedores, coas entidades locais e, por suposto, co equipo de traballo do festival. Si, **as persoas que van traballar na produción son, con moita frecuencia, as últimas en recibir información**. Se non trasladamos o noso propósito ao equipo do festival, como conseguiremos que as persoas que o integran estean en liña con el? Os valores compartidos e a implicación requiren comunicación.

Unha vez diagnosticadas aquelas deficiencias en comunicación que non nos axudan na estratexia de sustentabilidade do evento, por que apostamos?

Si, agora vén a parte positiva:

— **Comunicación inclusiva. A maneira de comunicar o noso evento debe ter en conta a diversidade de persoas ás que nos queremos dirixir**; a linguaxe tamén require de consensos. Non de-



bemos caer no «Xa non se pode dicir nada». As palabras (escritas, faladas, subtítulos...), as imaxes, os xestos etc., definen o mundo que queremos. Sen prexuízos, sen estereotipos. Para excluír, xa nos abundan exemplos cada día. Procuremos unha comunicación que inclúa canta máis xente mellor.

— **Comunicación transparente.** Hai que render contas a todos os nosos grupos de interese e integrar a nosa rede na comunicación: patrocinios, colaboradoras, artistas, público, empresas, comunidade. Desde o plan de sustentabilidade que presentamos ao patrocinio ata a nota de prensa que enviamos ao xornal, os datos reais son necesarios, pois comunicar sen facer é pan para hoxe e fame para mañá. Fundamental: as notas, as memorias e os informes deben estar accesibles nas nosas canles. Para os nosos grupos de interese, a web segue a ser a primeira toma de contacto co proxecto.

— **Comunicación relevante.** Non te repitas ano tras ano. Onde reside o valor do noso proxecto? Onde estamos impactando? En que progresamos? Comuniquemos desde a creación de valor compartido. Unha das consecuencias positivas da pandemia foi facernos ver que a tiranía das cifras (canto público, cantos artistas, cantos *influencers*, cantas racións vendidas, cantos cartos gastados...) non ten por que ser o eixe da nosa comunicación. Informemos daquilo que ten que ver co noso propósito, coa nosa visión do mundo. E non esquezamos que hoxe o socialmente responsable se está a converter en *mainstream* para inversores, patrocinadores, colaboradores e público. É un tema prioritario; contémolo ben.

— **Comunicación participativa.** Por último, pero quizais o máis relevante: escoita. O diálogo é asunto de todas as partes implicadas e enriquece a mensaxe. O impacto conséguese con todas as persoas



afectadas polo evento. Se xa somos conscientes da capacidade dos festivais para impactar na Axenda 2030 e nos ODS, non esqueza-
mos que o obxectivo das alianzas é o máis importante. A comuni-
cación non pode obviar isto.

En resumo, para que a comunicación sexa eficiente na nosa es-
tratexia sustentable, o máis importante é informar dos temas re-
levantes, sensibilizar e aliñar os nosos grupos de interese respecto
dos nosos obxectivos, e posicionar o evento no seu esforzo coa
contorna e co planeta en canto á responsabilidade medioambien-
tal, social e económica.



6.

PARA

SABER

MÁIS

Axenda 2030

Axenda para o Desenvolvemento Sustentable, Nacións Unidas.

<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/development-agenda/>

Decreto 142/2019, de 31 de outubro, polo que se crea a Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030 en Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20191114/AnuncioG0532-071119-0006_gl.html

Plan de Acción para a implantación da Axenda 2030, Ministerio de Asuntos Exteriores, España.

https://transparencia.gob.es/transparencia/transparencia/Home/index/MasInformacion/Informes-de-interes/Sociedad_y_bienestar/Alto-Comisionado-Agenda-2030.html

Cultura e sustentabilidade

AGADIC, Festivais de Galicia (2019). *Manual de xestión para empresas de produción de festivais de música. Festivais de calidade, seguros e sustentables.*

<https://www.festivalsdeg Galicia.gal/wp-content/uploads/2021/03/ManualXestion.pdf>

Asociación de Festivales de Música en colaboración con Gabeiras y Asociados (2020).

Festivales de música y Agenda 2030.

https://uploads-ssl.webflow.com/5dfcd11a1c7d4589ea1b9787/5f51f7cc-202d9df9c6c3bc75_Festivales%20%26%20Agenda%202030.pdf

Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (2021).

Manual de boas prácticas na xestión cultural para espectáculos ao vivo.

http://xestoresculturais.gal/wp-content/uploads/2021/03/Manual-de-boas-pra%CC%81cticas-na-xestio%CC%81n-cultural-para-especta%CC%81culos-ao-vivo_.pdf

Consello da Cultura Galega (2018). *Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI.*

<https://www.cultura.gal/gl/diagnose-cultura-galega-datos-para-estratexia-cultural-seculo-xxi>

Elkartu, Federación Coordinadora de Personas con Discapacidad Física de Gipuzkoa (2016). *Guía para diseñar y organizar eventos culturales accesibles e inclusivos.*

https://elkartu.org/pdf/guia_eventos_accesibles_inclusivos_online_16-12-2016.pdf

Fundación Music for All (2021). *Guía de accesibilidad e inclusión en festivales de música.*

<https://www.fundacionmusicforall.org/guia-accesibilidad-inclusion>

Jones, Meegan (2018). *Sustainable Event Management. A practical guide.* Routledge.



- Lago, Sergio e Lorenzo, Marcos (eds.) (2019). *A xestión cultural en Galicia. Unha visión panorámica e actual*. Andavira.
- Martínez Lorenzo, Mercedes (2021). *Guía de subtítulado inclusivo en galego. Indicacións técnicas e lingüísticas para subtitular nunha lingua minorizada*. Universidade de Vigo.
- REDS (2020). *Cultura y desarrollo sostenible. Aportaciones al debate sobre la dimensión cultural de la Agenda 2030*.
https://reds-sdsn.es/wp-content/uploads/2020/04/REDS_Cultura-y-desarrollo-sostenible-2020.pdf
- REDS (2021). *Hacia una cultura sostenible. Guía práctica para integrar la Agenda 2030 en el sector cultural*.
https://reds-sdsn.es/wp-content/uploads/2021/03/Guia-REDS-2021-Web_lectura-online.pdf
- REDS (2022). *Objetivos del desarrollo sostenible y sus metas desde la perspectiva cultural. Una lectura transversal*.
<https://culturasostenible.org/noticias/los-ods-y-sus-metas-desde-la-perspectiva-cultural/>

Lexislación

Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Modificada polo Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1995-24292>

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2000-15060>

Real decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.

<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1997-8669>



Lei 10 /2014, de 3 de decembro, de accesibilidade da

Comunidade Autónoma de Galicia

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20141217/
AnuncioC3B0-111214-0001_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20141217/AnuncioC3B0-111214-0001_gl.html)

Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba

o texto refundido das disposicións legais da Comunidade
Autónoma de Galicia en materia de igualdade

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160217/
AnuncioG0244-110216-0005_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160217/AnuncioG0244-110216-0005_gl.html)

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e

actividades recreativas de Galicia

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180102/
AnuncioC3B0-271217-0001_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180102/AnuncioC3B0-271217-0001_gl.html)

Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados
de Galicia

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210225/
AnuncioC3B0-180221-0002_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210225/AnuncioC3B0-180221-0002_gl.html)

Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición
enerxética

<https://www.boe.es/eli/es/l/2021/05/20/7/dof/spa/pdf>





Deputación
DA CORUÑA

